

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XULLO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037201H.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 14 de xullo de 2022, celebrada ás 9:10 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 14 de xullo de 2022, celebrada ás 14:20 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 15 de xullo de 2022.
- Ordinaria de data 18 de xullo de 2022.
- Extraordinaria-urxente de 20 de xullo de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00025056V.

Licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada Lugar Rebordaos 3, San Caetano.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 22/05/2022 e a documentación presentada o 15/07/2022, cun orzamento de execución material de 162.684,28 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada Lugar Rebordaos 3, San Caetano, Santiago de Compostela, A Coruña.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043506W.

Rexeitar o modificado do proxecto de instalación de ascensor en edificio de vivendas na R. García Lorca, 4.

Acórdase rexeitar o “Modificado do proxecto de instalación dun ascensor nun edificio de vivendas en Rúa de García Lorca 4, asinado na data 02/06/2022 e presentado na data 03/06/2022 e manter o Proxecto licenciado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 21 de febreiro de 2022 tendo en conta as consideracións sinaladas pola Xefatura de Servizo de Planeamento e Xestión, resolvéndose a pequena diferenza de cota coa beirarrúa coas futuras obra de urbanización do espazo público.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Licenza para o plan de despregue da rede FTTH ORANGE/JAZZTEL na cidade histórica FASE 13.

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, o plan de despregue da rede FTTH ORANGE/ JAZZTEL na cidade histórica de Santiago de Compostela FASE 13, segundo o proxecto con selo de visado de 01/07/2022 e cun orzamento de execución material de **20.802,69 €**.

A nova documentación correspóndese coa derradeira fase de execución do Plan de despregue da nova rede de fibra óptica no ámbito do plan especial, e contempla o tendido da rede FTTH de ORANGE no ámbito que se describe a continuación:

- o Rúa das Hortas (nº pares do 48 a 76)
- o Rúa das Galeras, 1 (Casa das Máquinas).

o Rúa da Trindade, nº 2 - 11
o Quinteiro da Rúa San Pedro, Rúa Carricova, Campo da Angustia e Rúa da Angustia.
o Quinteiro da Rúa da Porta da Pena, Hospitaliño, Santa Cristina e Rúa da Atalaia
o Rueiro das Figueiriñas (nº 7 a 36) e Rúa do Lar do Carme (nº 1 -30)
o Rúa de Sar (nº 45-73) e Ponte de Sar (nº impares 21 a 39)
o Rúa dos Basquiños (nº impares do 1 a 93) e Rúa Espírito Santo (nº 1- 68)

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1323/2011.

Aceptar cesión de viario complementaria da escritura autorizada o 09 abril de 1996.

Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 25/05/2022, outorgada ante Notario co número de protocolo 706, complementaria da escritura autorizada ante Notario o día nove de abril de mil novecentos noventa e seis, número 1841 do seu protocolo.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00009121M.

Licenza para a construción vivenda unifamiliar en Travesa do Sixto, 50.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 229.624,20 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 26/02/2021 e a documentación técnica presentada o 05/08/2021, 24/08/2021 e o 18/07/2022, a construción de vivenda unifamiliar na finca situada na Travesa do Sixto, 50 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00051177Z.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza o proxecto básico para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Rúa Torrente, 17.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 02 de maio de 2022, outorgada ante Notario co número de protocolo 432. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado o 12/11/2021 e a documentación presentada o 18/02/2022, o 04/05/2022 e o 15/07/2022, cun orzamento de execución material de 113.485,60 €. O proxecto básico refírese á rehabilitación de vivenda unifamiliar situada na Rúa Torrente, 17 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00028184V.

Obras de conservacion e mantemento encadrables en eficiencia enerxética edificio sito en R. Ramón Cabanillas, 16.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Ramón Cabanillas 16 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 184.558,73 euros e conforme o proxecto técnico de data de visado do 04/07/2022, obras de conservación e mantemento encadrables en eficiencia enerxética no edificio situado na Rúa Ramón Cabanillas, 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00003889N.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza o proxecto básico para a reforma de vivenda unifamiliar existente na Rúa Os Abetos, 28.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07/06/2022, outorgada ante Notario co número de protocolo 1263. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado 21/01/2022 e a documentación presentada 23/05/2022, 08/06/2022 e o 01/07/2022, cun orzamento de execución material de 123.858,27 €. O proxecto básico refírese á reforma de vivenda unifamiliar existente na Rúa Os Abetos, 28 Santiago de Compostela (A Coruña).

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00047357N.

Licenza de parcelación.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 21/02/2022 outorgada ante o Notario don Francisco López Moledo, co número de protocolo 539. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 25/10/2021 e documentación do 03/03/2022 a parcelación da finca sita en Lugar Feáns, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

.- **PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ num 533-A.** Superficie Bruta e Neta 3.197,00m²s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria

.- **PARCELA RESULTADO num 533-B.** Superficie bruta.- 693,00 m². Superficie neta.- 600,00 m²

Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- **PARCELA RESULTADO num 533-C.** Superficie bruta.- 693,00 m². Superficie neta.- 600,00 m². Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais,

.- **PARCELA RESULTADO num 533-D.** Superficie bruta.- 752,00 m². Superficie neta.- 600,00 m²

Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00022747N.

Autorizar as modificacións referente á reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano FASE 1-A.

Autorízanse as modificacións pola CONSELLERIA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, da XUNTA DE GALICIA referente á reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano FASE 1-A: rehabilitación e reforma da envolvente para a mellora enerxética do edificio posterior esquerdo situado en Rúa de San Caetano nº 1 e Rúa de Otero Pedraio nº 12-14 Santiago de Compostela, segundo a documentación técnica complementaria achegada na data 04/07/2022, coas seguintes condicións:

☑ *Tendo en conta que, de acordo coa ficha de catalogación, **non se permiten aumentos de volume nin aproveitamento sobre as actuais resultantes das obras descritas no catálogo de protección, condiciónase a licenza desta primeira fase das actuacións coa obriga de que no proxecto de intervención da segunda fase das obras se xustifique axeitadamente que a superficie construída do estado reformado do complexo administrativo será igual ou menor á existente na actualidade.***

☑ *A colocación dos **paneis fotovoltaicos** previstos na cuberta plana realizarase conforme ao deseño presentado, é dicir, sen sobresaír por riba da altura do cumio do tellado. Co obxecto de facilitar a integración da instalación no conxunto, deberanse empregar paneis fotovoltaicos cunha superficie de acabado o menos brillante posible, para evitar os reflexos na cuberta.*

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035771H.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP)”.

Acórdase:

- Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190003 22021006384 (2020 4 RLTOU 62 12 Obras no ámbito urbano financiadas co R) por un importe de **222.606,40 €, IVE engadido.**

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP)”, á empresa PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U. por un importe total de **218.006,90 €** (Base imponible: 180.170,99 € e IVE 21%: 37.835,91 €). Así mesmo compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras por un período de 5 anos, sobre o mínimo establecido no prego, un aumento do orzamento de control de calidade dun 2 % sobre o 1% obrigatorio e un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun 2 % sobre o proxectado.

Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP, a unidade de seguimento ordinaria do contrato é o servizo de Proxectos e Obras.

- Comprometer un gasto por importe de **218.006,90 €** para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190003 22021006384 (2020 4 RLTOU 62 12 Obras no ámbito urbano financiadas co R).

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033881Z.

Adxudicación da concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación do quiosco sito no Parque da Alameda (Lote I).

Acórdase adxudicarlle a *concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación do quiosco sito no Parque da Alameda (lote I)*, a KIOSCOS DE GALICIA SL que oferta un canon de 651 euros/ano a abonar ao Concello.

A supervisión e control deste contrato corresponde a Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e Comunitarios.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/114.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a abril de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (459,91 €) segundo relación contable de facturas S/2022/114 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/1466 por importe de 54,54 euros, emitida pola empresa PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD, SL e remata pola factura número F/2022/1935 por importe de 46,17 euros, expedida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L., todas elas en concepto de mantemento de alarmas e extintores das distintas dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a abril do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/131.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período do mes de abril do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRESCIENTOS TRINTA EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (330,91 €) segundo relación contable de facturas S/2022/131 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2002 por importe de 62,52 euros emitida pola empresa SCHINDLER, SA e remata pola número F/2022/2009 por importe de 268,39 euros emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2157.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de material de recambios para o Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CATROENTOS SETENTA EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (4.470,76 €) segundo factura F/2022/2157 que se achega no expediente, emitida pola empresa Recambios Santiagueses, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2193. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Neumáticos Pájaro, S.L.” con en concepto de subministración de pneumáticos para o Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período que abrangue desde o 14 de abril ao 30 de abril do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (253,37 €), segundo factura F/2022/2193 que se achega no expediente, emitida pola empresa “Neumáticos Pájaro, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2338. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola empresa Orona S.Coop en concepto de servizo de reparación do ascensor de Triacastela correspondente aos meses de abril e maio de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E CATRO EUROS (38,54 €), segundo factura F/2022/2338 que se achega no expediente, emitida pola empresa Orona S.Coop.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: CON/16/2020.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo, en Fontiñas.

Acórdase aprobar, dispor e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas emitida por CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL, por importe de 20.861,35 euros.

20. TESOURERÍA. Referencia: 2022/00020496B.

Modificación da Ordenanza fiscal 1.03 Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Apróbase a modificación da Ordenanza 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00005395T.

Aprobación provisoria das revisión das tarifas do servizo de taxi, para o ano 2022.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar PROVISORIAMENTE as novas tarifas do servizo de taxi, que entrarán en vigor ó día seguinte da súa notificación ós taxistas para a súa aplicación:

TARIFAS:

	DIURNO	NOCTURNO	FESTIVOS
Percepción mínima	3,90 €	5,00 €	4,30 €
Km. percorridos	1,10 €	1,40 €	1,18 €
Hora de espera	19,50 €	28,80 €	23,80 €

SUPLEMENTOS:

Por maleta ou vulto 0,60 €

Por bicicletas 3,20 €

Por reserva servizo 3,20 €

Saída do aeroporto 4,50 €

SERVIZOS CON COANTÍA FIXA

Aeroporto 22,00 €

CONDICIÓNS DE APLICACIÓN:

- A percepción mínima inclúe a combinación de 5 minutos de espera ou un percorrido de 1.700 m.
- Os sábados a partires das 15:00 horas aplicarase a tarifa dos festivos.
- A aplicación da tarifa nocturna excluírá a aplicación de calquera outro suplemento.
- Os días 1 de xaneiro, 25 de xullo e 25 de decembro aplicarase a tarifa nocturna.
- O suplemento "saída do aeroporto" aplicarase unicamente ás tarifas interurbanas 3 e 4.
- A tarifa fixa do aeroporto corresponde ó traxecto entre o aeroporto e calquera punto do núcleo urbano de Santiago de Compostela, ou viceversa.

RECOMENDACIÓNS:

En canto a obriga dos taxistas de que as tarifas aplicables sexan visibles para as persoas usuarias dende o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos; recoméndase que durante os servizos de taxi se leve a bordo do vehículo, a disposición das persoas usuarias, un exemplar das tarifas en formato braille e o taxímetro facilite información visual e sonora para as persoas con discapacidade sensorial.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ó Consello Galego de Transportes, ós efectos de recabar as súas consideracións, de conformidade co disposto no artigo 40.4 da Lei 14/2013, de 30 de maio de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo de Galicia. Unha vez emitido o seu informe ou transcorrido o prazo legalmente previsto para elo, de conformidade co disposto no artigo 28 da

Lei 39/2015, de 1 de outubro, procederáse a solicitarse a aprobación definitiva das tarifas por parte da Comisión de Prezos de Galicia, incorporando, no seu caso, as consideracións remitidas polo Consello Galego de Transporte.

22. COMERCIO. Referencia: 2021/00050787S.

Xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela centro comercial aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a xustificación da subvención concedida a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto, por importe de **36.729,30 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 36.729,30 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Terceiro.- Liberar o remanente de crédito disposto, e non xustificado, a favor de Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto, por importe de 1.270,70 euros.

23. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00036982Y.

Proposta para solicitude ao IGVS de PRÓRROGA e aumento do NÚMERO DE ACTUACIÓNS dalgúns dos Acordos de Comisión Bilateral asinados ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Acórdase solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a modificación dos seguintes Acordos da Comisión Bilateral asignados no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018_2021, nos seguintes aspectos co obxecto de acadar unha maior eficacia na xestión dos fondos asignados ao concello en calidade de entidade colaboradora:

1 Incremento do número de actuacións dos ACB seguintes:

ARI_ CASCO HISTÓRICO

→ FASE 16. Incremento das 25 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 42, o que representa un aumento de 17 actuacións

ARI_ BARRIO DE VISTA ALEGRE

→ FASE 9. Incremento das 128 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 248, o que representa un aumento de 120 actuacións

ARI_ BARRIO DE PONTEPEDRIÑA

→ FASE 6. Incremento das 20 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 28, o que representa un aumento de 8 actuacións

ARI_ BARRIO DE VITE

→ FASE 2. Incremento das 64 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 272, o que representa un aumento de 208 actuacións

→ FASE 3. Incremento das 20 actuacións consignadas inicialmente ata un total de 64, o que representa un aumento de 44 actuacións

2 Ampliación do prazo de vixencia dos ACB seguintes:

ARI_ CASCO HISTÓRICO

→ FASE 16. Ampliación da data de vixencia dende o 26/10/23 ata o 01/12/26.

→ FASE 17. Ampliación da data de vixencia dende o 29/10/25 ata o 01/12/26.

ARI_ BARRIO DE VISTA ALEGRE

→ FASE 9. Ampliación da data de vixencia dende o 26/10/23 ata o 01/12/26.

ARI_ BARRIO DE PONTEPEDRIÑA

→ FASE 6. Ampliación da data de vixencia dende o 26/10/23 ata o 01/12/26.

→ FASE 7. Ampliación da data de vixencia dende o 29/10/25 ata o 01/12/26.

ARI_ BARRIO DE VITE

→ FASE 2. Ampliación da data de vixencia dende o 26/10/23 ata o 01/12/26.

→ FASE 3. Ampliación da data de vixencia dende o 29/10/25 ata o 01/12/26.

24. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00036975E.

Dar conta da sinatura dos Acordos da Comisión Bilateral específicos para cada Área de Rehabilitación Integral correspondente á súa anualidade 2021, ao abeiro do Plan de Vivenda Estatal 2018-2021.

Dase conta da sinatura con data 31 de novembro de 2021 dos Acordos da comisión bilateral correspondente á súa anualidade 2021, ao abeiro do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural 2018-2021 para as seguintes áreas:

- ☑ Fase 18ª do Casco Histórico
- ☑ Fase 8ª do Barrio de Pontepedriña
- ☑ Fase 4ª do Barrio de Vite

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00036682D.

Dar conta de sentenza recaída no AP 4027/2021 do PO 273/2019 CA 2 .

Dase conta da sentenza nº 375/2021 TSX

Obxecto: orde de cese de actividade de ximnasio en tanto non sexan legalizadas as obras executadas na entrada do mesmo sen título habilitante

A sentenza, confirmatoria da ditada en instancia, é favorable para o Concello, recorrible en casación. O interesado executou obras sen título, na entrada do ximnasio, sendo denunciado polos veciños. Contra esta resolución o recorrente interpuxo recurso de casación, que non foi admitido por Providencia do 22.06.2022. Por dilixencia de ordenación, do 18.07.2022, confirmouse a firmeza desta última

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036746T.

Dar conta da sentenza núm. 266/2022, recaída no procedemento PO 285/2021 CA2.

Dase conta da Sentenza nº 266/2022, do 30.06.2022, do XCA nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 285/2021

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 6.07.2021 (expte. 2021/00016069G) polo que se estima parcialmente o recurso de reposición presentado por LANGRINA 2009, S.L. contra a orde de peche do local situado na rúa Tras do Pilar 7, baixo, no sentido de permitir a actividade de bar cun aforo de 25 persoas e sen poder usar a cociña, e se require á dita entidade para que no prazo de tres meses proceda a legalización da actividade e das obras executadas sen licenza.

A parte recorrente solicitaba que a orde de suspensión se ampliara non só ao uso de cociña, senón tamén á actividade de bar, ao terse executado unha serie de actuacións de reforma do local sen licenza, manifestadas no informe da Arquitecto Técnico do servizo de inspección urbanística de data 20.01.2021. Consideraba, ademais, que o uso da terraza interior tamén debía incluírse na dita orde de peche.

A sentenza considera, con base no citado informe da inspección urbanística, que ao non terse acreditada a legalización destas obras feitas sen licenza, a orde de peche do local debía abranguer tamén a actividade do bar, e non limitarse á actividade de restauración. Respecto da autorización para o uso da terraza no patio interior, o Concello acreditou que este foi denegado con posterioridade á interposición do recurso, polo que esta pretensión foi satisfeita na vía administrativa.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir ao Departamento de Urbanismo para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037164G.

Dar conta da sentenza núm. 167/2022 recaída no procedemento PA 221/2022 CA2.

Dase conta da Sentenza nº 167/2022. PA 221/2022 CA2

Obxecto: incoación expediente sancionador por gritar na rúa.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00037201H.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 15 ao 21 de xullo de 2022.

URXENCIAS

29. Aprobación da modificación das bases de concesión de axudas do programa de incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos, Bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar as seguintes modificacións das bases da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos, que quedan redactadas como segue:

Apartado 2º da Base 4: Actividade subvencionable

4.2. As vendas e servizos subvencionados serán os realizados entre o 20 de xullo e o 17 de setembro de 2022.

Apartado 6º da Base 6: Valor dos bonos, contía da subvención e orde de imputación das compras ou consumos realizados

6.6. **O período de validez dos bonos será do 20 de xullo ao 17 de setembro de 2022**, ambos inclusive, salvo esgotamento previo do seu saldo. Rematado o período de validez, o bono non trocado caducará. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.

Apartado 5º da Base 16. Condicións de uso dos bonos 16.5. O período de validez dos onosremata o 17 de setembro de 2022. Chegada dita data, os bonos descargados e non trocados, na súa totalidade, caducan. A caducidade do bono leva consigo a perda da totalidade do saldo remanente non consumido, sen poder instar a súa devolución.

Apartado 1 da Base 17. Data de activación dos bonos 17.1. Os bonos estarán dispoñibles na web <https://www.bonoscorazoncompostela.gal> para a súa descarga polos usuarios a partir do 20 de xullo de 2022 e terán una validez ata o 17 de setembro de 2022.

Segundo.- Estas modificacións entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP de A Coruña.

30. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental de data 21 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental de data 21/07/2022 pola contía de 5.000 € para o financiamento do Programa: "Ágora".

31. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela (APSSC) de data 20 de Xullo de 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela (APSSC) de data 20/07/2022 pola

contía de 10.000 € para o financiamento do Programa: “Servizo de Interpretación de Lingua de Signos e Guía Intérprete de Persoas Xordocegas”.

32. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para a Axuda de Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA) de data 20 de Xullo de 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA) de data 20/07/2022 pola contía de 3.000 € para o financiamento do Programa: “GEA-Grupo de Envellecemento Activo (Grupo 1)”.

33. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Gitano de data 11 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Gitano de data 11/07/2022 pola contía de 23.000 € para o financiamento do Programa: “Promociona. Ayuntamiento de Santiago. Curso 2021-2022 (22)”.

34. Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Transtorno del Espectro Autista (T.E.A.) de la provincia de A Coruña (ASPANAES) de data 18/07/2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Transtorno del Espectro Autista (T.E.A.) de la provincia de A Coruña (ASPANAES) de data 18/07/2022 pola contía de 3.000 € para o financiamento do Programa: “Información, Orientación, Valoración e Apoio Familiar para persoas con T.E.A”.

35. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela de data 18 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela de data 18/07/2022 pola contía de 10.000 € para o financiamento do “Proxecto de Vida Independente: “Esto é Vida”.

36. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de data 18 de Xullo de 2022

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela de data 18/07/2022 pola contía de 5.000 € para o financiamento do Programa: “Entrega de lotes de alimentos”.

37. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) en data 11 de Xullo de 2022

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) de data 11/07/2022 pola contía de 6.000 € para o financiamento do Programa: “Respiro e/ou Emerxencia Familiar”.

38. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) de data 11 de Xullo de 2022

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) de data 11/07/2022 pola contía de 9.000 € para o financiamento do Programa: “Rehabilitación Fisioterapéutica”.

39. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais de data 11 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais de data 11/07/2022 pola

contía de 3.500 € para o financiamento do Programa: “Respiro Familiar para Persoas que padecen unha Enfermidade Mental”.